1º.- Aprobar, en virtude da solicitude do Concello de Cariño motivada pola circunstancia sobrevida da entrada en vigor dunha nova normativa reguladora das competencias municipais, o cambio da obra dese concello incluída no POS 2014 de xeito que se anula a obra denominada "Proxecto de acondicionamento para apertura de centro de día", incluída no POS 2014 co código 14.2100.0210.0, e se inclúe no POS 2014, no seu lugar, a obra "Ampliación da rede de saneamento entre Cabanán (Landoi), Meleato (Landoi) e A Rega (Feás)", co código 14.2100.0211.0, cos seguintes datos de financiamento:

DATOS DA OBRA QUE SE ANULA NO POS 2014				
Código	Denominación	Deputación f.p.	Concello	TOTAL
14.2100.0210.0	Proxecto de acondicionamento para apertura de centro de día	154.269,01	52.709,94	206.978,95
DATOS DA NOVA OBRA QUE SE INCLÚE NO POS 2014				
Código	Denominación	Deputación f.p.	Concello	TOTAL
14.2100.0211.0	Ampliación da rede de saneamento entre Cabanán (Landoi), Meleato (Landoi) e A Rega (Feás)	154.269,01	41.321,17	195.590,18

2º.- Aprobar a modificación dos datos globais de financiamento do POS 2014 xa que ao ter a nova obra que se inclúe no Plan un presuposto inferior respecto da obra que se anula, minórase a achega do concello e consecuentemente resulta minorada a achega total municipal e o presuposto total do plan, permanecendo invariable a achega total da Deputación a este Plan

		POS 2014		
		DETALLE DE FINANCIAMENTO		
SECCIÓN	PARTIDA	DEIPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
POS- gastos correntes	0430 / 459A/ 46201	6.971.419,93	0,00	6.971.419,93
POS - amortización de débeda	0430 / 459A/ 46201	233.165,49	0,00	233.165,49
POS- Investimentos: obras e subministracións	0430/ 459A / 76201	16.992.017,48	1.058.206,65	18.050.224,13
	TOTAL	24.196.602,90	1.058.206,65	25.254.809,55

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días podan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado.

5º.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas corporacións locais.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

7º.- Unha vez transcorrido o dito prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións o alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

33.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS LÚDICO DEPORTIVAS DO CONCELLO DE FERROL”.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ferrol para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ferrol
DENOMINACIÓN DA OBRA	Obras de conservación de instalacións lúdico deportivas do Concello de Ferrol
PRESUPOSTO DO PROXECTO	320.640,79 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	256.512,63 €
ACHEGA DO CONCELLO	64.128,16 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS LÚDICO DEPORTIVAS DO CONCELLO DE FERROL”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ferrol, José Manuel Rey Varela
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol con CIF-P1503700E, para o financiamento da obra de “CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS LÚDICO DEPORTIVAS DO CONCELLO DE FERROL” tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto PEDRO FERNÁNDEZ CID

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, se compromete a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	222.682,68
Gastos xerais (13%)	28.948,75
Beneficio industrial (6%)	13.360,96
IVE (21%)	55.648,40
Orzamento de contrata	320.640,79

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 256.512,63 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FERROL

Diego Calvo Pouso

José Manuel Rey Varela”

34.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO NAS PARROQUIAS DE MABEGONDO, MEANGOS E BEIRARRÚAS EN VIÓS”, DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011, CO CÓDIGO 11.2100.0002.0.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo do 25 de febreiro de 2011 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011 e o seu Plan complementario, a posterior aprobación, mediante acordo plenario do 29 de abril de 2011, da modificación do financiamento deste Plan, e que mediante o acordo plenario do 28 de outubro de 2011, se aproba a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2011 no sentido de eliminar a achega do Ministerio de Política

Territorial e Administracións Públicas das obras non adxudicadas no prazo prorrogado do 1 de novembro de 2011.

Logo de aprobarse definitivamente esta obra mediante a Resolución da Presidencia desta Deputación provincial número 22695, do 2 de decembro de 2011, despois de presentar o Concello de Abegondo a documentación xustificativa do cumprimento das condicións ás que foi sometida a súa aprobación definitiva

Logo de aprobar o Concello de Abegondo un proxecto modificado desta obra mediante acordo plenario municipal do 21 de febreiro de 2014, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 24 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 187, do 29 de setembro de 2010

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Saneamento nas parroquias de Mabegondo, Meangos e beirarrúas en Viós”, do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, co código: 11.2100.0002.0, que non cambia a finalidade ou o obxecto da obra, pero si supón unha diminución do seu orzamento e implica unha alteración do trazado disposto no proxecto inicial, segundo se indica a continuación.

Concello	Código	Denominación	Datos co 18% de IVE			
				Inicial	Modificado	Diferenza
Abegondo	11.2100.0002.0	Saneamento nas parroquias de Mabegondo, Meangos e beirarrúas en Viós	Deputac	94.421,09	92.080,07	-2.341,02
			Concello	5.495,41	5.359,16	-136,25
			Total	99.916,50	97.439,23	-2.477,27"

35.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO EN CULLERGONDO E XUANZO”, DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2011, CO CÓDIGO 11.3300.0254.0.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo do Pleno desta Corporación do 25 de novembro de 2011, en relación coa Resolución da Presidencia desta Deputación do 1 de decembro de 2011, polos que se aprobou a 3ª fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, na que se inclúe, entre outras, a seguinte obra do Concello de Abegondo:

Concello	Código	Denominación	Datos co 18% de IVE		
			Deputación f.p.	Concello	Total

Abegondo	11.3300.0254.0	Saneamento en Cullergondo e Xuanzo	168.530,78	25.377,81	193.908,59
----------	----------------	------------------------------------	------------	-----------	------------

Logo de aprobar o Concello de Abegondo un proxecto modificado desta obra mediante o acordo plenario municipal do 21 de febreiro de 2014, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

Logo de ver as Bases reguladoras do PCC 2008/2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008, modificadas mediante acordo plenario do 25 de xuño de 2010 e publicadas no BOP número 121, do 29 de xuño de 2010.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra “Saneamento en Cullergondo e Xuanzo”, do Concello de Abegondo, incluída na 3ª fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, co código: 11.3300.0254.0, que non cambia a finalidade ou o obxecto da obra pero si supón unha diminución do seu orzamento e implica unha alteración do trazado disposto no proxecto inicial, segundo se indica a continuación.

			<i>Datos co 18% de IVE</i>			
<i>Concello</i>	<i>Código</i>	<i>Denominación</i>		<i>Inicial</i>	<i>Modificado</i>	<i>Diferenza</i>
Abegondo	11.3300.0254.0	Saneamento en Cullergondo e Xuanzo	Deputac	168.530,78	164.352,33	-4.178,45
			Concello	25.377,81	24.748,61	-629,20
			Total	193.908,59	189.100,94	-4.807,65”

36.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA EP 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) (MIÑO E PONTEDEUME).

O Pleno por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar provisional o proxecto REFORMADO DE TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AL 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) , PONTEDEUME e MIÑO (aprobado inicialmente mediante acordo plenario do 28-3-2014) polo seu presuposto de contrata do 1.203.312,71.- EUROS , que non representa incremento respecto ao primitivo.

2.- Aprobar, así mesmo, o incremento da valoración das expropiacións necesarias para a execución das obras incluídas no proxecto REFORMADO DE TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) , PONTEDEUME e MIÑO, na cantidade de 20.540,10 euros.

3.- Formalizar en documento administrativo, unha vez acreditada a dispoñibilidade dos terreos, co adxudicatario do contrato primitivo EXPLOTACIÓNS GALEGAS S.L. (B15410608) , as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 812.000,00.- EUROS, que non representa incremento respecto ao primitivo polo cal é innecesario o incremento da fianza constituída.”

37.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 30.09.2014 E PROXECCIÓN A 31.12.2014.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria o 30/09/2014 e proxección o 31/12/2014.”

38.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

O Pleno por unanimidade, acorda:

“1º.Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

2º.Dispor que se proceda á publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento e para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público.

3º.Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

39.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal Nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a Vicetesoureira.

- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (artigos 3,5 e 6).

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito impositivo desta taxa.

"Artigo 5.- Cota tributaria.

1. Cando se trate de servizos que lles corresponda prestar a entidades con competencias en Servizos Sociais para menores e soliciten os ditos servizos desta Deputación para seren prestados nos seus centros, en ningunha das modalidades de contratación previstas na lexislación de contratos do sector público, fíxanse as tarifas seguintes:

- Fogares infantís e xuvenís:

a) Internos, cada un ao día130,65 €

b) Fogar de día:

b.1.- Integral98,00 €

b.2.- Básico39,25 €

2.- Estas tarifas enténdese sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."

"Artigo 6.- Liquidación, recadación e xestión

1.- A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo.

2.- A liquidación de tarifas levarase a cabo pola Sección de Recursos Propios, que a realizará mensualmente.

3.- No entanto, de conformidade co establecido no artigo 27.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, poderán establecerse convenios de colaboración, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas de aquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

4.- O presidente da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 de 2 de abril e o art. 17 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 11.

4º.- A ordenanza fiscal nº 11 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra estas, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e no caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local a partir do 1 de xaneiro de 2015.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e no seu caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

40.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO IES CALVO SOTELO.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 15 reguladora do prezo público por utilización do I.E.S. Calvo Sotelo.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a Vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención Provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO I.E.S. CALVO SOTELO (artigo 6).

Artigo 6.- Normas de xestión

1. As solicitudes para a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo dirixiranse ao ilustrísimo señor presidente da Deputación. Serán tramitadas e informadas pola Área de Servizos Provinciais, Servizo de Patrimonio. As autorizacións para a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo serán outorgadas polo ilustrísimo señor presidente da Deputación.

2. Os solicitantes deberán estar ao corrente do pagamento das débedas contraídas con esta Deputación provincial.

3. A Área de Servizos Provinciais, Servizo de Patrimonio, trasladará ao IES Calvo Sotelo e ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, a resolución pola que se autoriza a utilización das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo, indicando expresamente nesta a actividade autorizada, a data, o nome ou razón social e o NIF da persoa física ou xurídica que solicita a cesión das aulas e talleres do IES Calvo Sotelo, e se a entidade autorizada está obrigada ao pagamento.

4. Finalizada a actividade suxeita a este prezo público, a Área de Servizos Provinciais, Servizo de Patrimonio, comunicará nos catro días seguintes, ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, os datos necesarios para a práctica da oportuna liquidación.

5. O Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, realizará a correspondente liquidación e a notificación desta ao interesado.

6. A entidade autorizada responsabilizarase de calquera dano nas instalacións, equipos informáticos e maquinaria, estando obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación.

7. O presidente da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta ordenanza.

2º.- Este acordo, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 15.

4º.- A ordenanza nº 15 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra estas, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e no caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local a partir do 1 de xaneiro de 2015.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e no seu caso das ordenanzas reguladoras de prezos públicos, unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

41.-CRITERIOS SOBRE AS TARIFAS DAS ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN QUE SE HAN APLICAR DURANTE O EXERCICIO 2015.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre os criterios para establecer as tarifas das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos da Deputación

Manter durante o exercicio 2015 as mesmas tarifas que están vixentes no presente exercicio 2014, en todas as Ordenanzas Fiscais de Taxas e Prezos públicos da Deputación Provincial da Coruña.”

42.-SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE REINTEGRO DOS SALDOS DAS LIQUIDACIÓNS DA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DOS ANOS 2008 E 2009 (DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA DO REAL DECRETO LEI 12/2014, DO 12 DE SETEMBRO).

O Pleno por unanimidade, acorda:

“**PRIMEIRO:** Solicitar a ampliación do período de reintegro dos saldos debedores a cargo da Deputación Provincial da Coruña como consecuencia das liquidacións definitivas da Participación en Tributos do Estado dos anos 2008 e 2009, nas condicións establecidas na Disposición Adicional Única do Real decreto-lei 12/2014, do 12 de setembro, polo que se conceden suplementos de crédito e créditos extraordinarios no presuposto dos Ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

SEGUNDO: A aplicación efectiva da ampliación solicitada iniciárase na entrega a conta da participación en tributos do Estado do mes de xaneiro de 2015, sendo a partir de desá data os reintegros mensuais aplicables os que resulten de dividir o importe pendente de reintegrar a esta data polas liquidacións correspondentes aos anos 2008 e 2009 dividido por 204 mensualidades, e manteranse sempre que se cumbran as condicións recollidas na norma de aplicación.

O importe anual que se ha devolver a partir do 1 de xaneiro de 2015 polas liquidacións expresadas ascenderá aos importes que seguidamente se expresan:

CONCEPTO	IMPORTE PARA REINTEGRAR ANO 2015 (204 mensualidades)
Liquidación 2008	405.164,10
Liquidación 2009	1.717.005,49
TOTAL ANUAL	2.122.169,59

TERCEIRO: Remitir o presente acordo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, xunto coa documentación preceptiva, nos termos que establece a Disposición adicional única do Real decreto-lei 12/2014, citado.”

43.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2014.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas. O Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra deste Expediente de modificación de créditos, este sexto Expediente de modificación de créditos. Vimos mantendo dende hai xa case dous anos e medio que a política de subvencións da Deputación a través de convenios nominativos debía mudar e debía atender outros criterios que son os da libre concorrência competitiva en igualdade. Estamos vendo como continuamente as subvencións ordinarias da Deputación, ás que concorren as entidades provinciais e os concellos, ocasionan que o subvencionado a cada entidade ou aos propios concellos, son cantidades máis ben baixas, incluso nalgún caso ridículas, que rozan os mil euros ou por debaixo dos mil euros, para o mantemento de actividades ordinarias e actividade xeral das entidades e dos propios concellos, para que logo continuamente a este Pleno veñen convenios con cantidades cuantiosas de diñeiro que en moitos casos algunhas entidades duplican e triplican o investimento que está facendo a Deputación, incluso en actividade deportiva e cultural dos concellos da provincia da Coruña.

Nós vimos reclamando, e así o propuxemos a través dunha moción que presentamos aquí o 24 de setembro de 2013, que os expedientes de modificación de créditos para convenios nominativos debían desaparecer e debíanse suplementar as partidas destinadas a subvencións ordinarias da Deputación para concellos e entidades.

Imos votar en contra deste Expediente de modificación e solicitamos que, se hai futuros expedientes de modificación, que se faga, e agora estamos xusto no momento oportuno, onde se están empezando a tramitar as subvencións ordinarias da Deputación, que se suplementen as partidas destinadas a eses programas de subvencións ordinarias a concellos e entidades, e que todos os concellos e entidades da provincia teñan dereito a recibir unhas subvencións máis acordes coa actividade que desenvolven e que, en todo caso, teñan dereito a participar libremente na obtención desas subvencións, e non que, ao final, a maioría das entidades que reciben unha subvención cuantiosa o fagan a través de conversas nos despachos e a través da sinatura de convenios que moitas veces incluso levan, ou case sempre levan, reparos por parte do Servizo de Intervención da propia Deputación.

Insistimos que hai que mudar este modelo político de concesión de subvencións, cremos que é o momento de facelo, é o momento de suplementar as partidas, porque estamos a tempo, ademais este ano apurouse máis que os anteriores anos en sacar a orde de subvencións, modificar as partidas, suplementalas no que sexa necesario se hai créditos, e que todas as entidades e todos os concellos teñan dereito, polo menos, a concorrer libremente á obtención dunhas subvencións máis cuantiosas do que están sendo neste momento. É curioso, xa digo, que hai entidades deportivas da provincia que triplican o investimento que fai a Deputación en actividade deportiva de concellos con moitísima actividade deportiva. Polo tanto, cremos que é o momento, imos votar en contra deste Expediente, e se hai novos expedientes votaremos tamén en contra deles.

Sr. Fernández Moreda

Brevemente, Sr. Presidente, porque o deputado do Bloque abriu o tema das subvencións nominativas. Nós imos votar a favor deste Expediente de modificación de créditos e nunca votariamos en contra da concesión dunha axuda ou dun investimento a ningún concello da provincia, ou a ningunha entidade social, pero no debate das nominativas si nos gustaría resaltar o que foi a nosa posición, deste Grupo, ao longo deste mandato, de que cremos que é necesario destinar remanentes de Tesourería a plans provinciais de investimento onde se distribúa con criterios obxectivos e se se reduce ao máximo as subvencións nominativas, gustaríanos moito. Foi unha posición que mantivemos sempre e que aproveito agora para resaltala aproveitando a intervención do voceiro do Bloque Nacionalista.

En calquera caso, como o punto que nos trae aquí é o Expediente de modificación de créditos, imos votar favorablemente.

Sr. Ruiz Rivas

Bos días a todos os señores e señoras deputadas. Dikir que nós sentimos que este cambio de criterio no que vén sendo habitual, esta é a sexta modificación de crédito, creo que practicamente todas foron aprobadas por unanimidade, porque a

Deputación segue investindo a maioría dos seus recursos a través de plans, é máis, tamén a maioría dos recursos provenientes de remanentes teñen normalmente esa forma de repartir os cartos. Coincido en que este tipo de modificacións non supoñen máis do que viñan supoñendo en calquera outra das lexislaturas desta Deputación, e todas responden, entendemos nós, ao que son importantes necesidades destes concellos, dicir que, por exemplo, concellos que neste caso teñen gobernos independentes levan máis do 60% do que son os recursos que se dedican a concellos nesta modificación presupostaria. En canto ao que falaba de axudas a clubs deportivos, todo o mundo ten presente cal é a realidade, cal é a posibilidade que ten un concello a través dos seus propios recursos nunha competencia que lle é propia, pero todo o mundo coincide en que se hai deporte, débese en gran parte, ou diría en maioría da parte, á iniciativa privada que supoñen as asociacións, que supoñen os clubs, que supoñen as federacións, eles si que teñen moitas máis dificultades para subsistir, incluso, que o que é a acción dos concellos, porque sempre será unha cuestión de prioridades á hora de repartir os cartos polos propios concellos, porén todos sabemos que a maioría dos clubs, e máis se teñen unha gran base, non serían posibles ou viables as súas economías sen as axudas dos propios concellos, porque aquí estamos falando de mandar cartos aos concellos, pero é que os propios concellos teñen axudas directamente a estes clubs porque son unha parte importante ou fundamental do deporte deses lugares e, polo tanto, creo que o que vén facendo a Deputación é, nin máis nin menos, o que requiren os clubs para a súa subsistencia.

Polo tanto, creo que é unha boa noticia, a boa saúde financeira desta Deputación provincial, que cumpre cos criterios de estabilidade presupostaria, que segue coa súa sostibilidade financeira e que, polo tanto, o feito de poder dedicar tres millóns catrocentos mil euros máis deles, ao que é un novo expediente dedicado a suplemento e a créditos extraordinarios, creo que é unha boa noticia para todos estes concellos e tamén para as arcas da Deputación que, unha vez máis, dá boa conta do seu saneamento. Máis nada, moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Requeira Varela

Nada que dicir da saúde financeira da Deputación, faltaría máis, nin nada reprochable a ese nivel. En todo caso, eu creo Sr. Moreda que este tema está máis que debatido, xa non me lembro nin do Plenos onde debatemos este tipo de criterios políticos no reparto de subvencións. É moi fácil, como fai o PSOE, estar de acordo coa filosofía da formulación do BNG, pero logo participar sempre no mesmo tipo de política. Evidentemente, eu creo que nalgún momento hai que cambiar, hai que ir ao fondo do asunto, o BNG desmárcase desta maneira de redistribuír subvencións.

E Sr. Rivas, evidentemente, está ben pensar nas entidades privadas que fan todo tipo de actividade deportiva, e non deportiva, cultural, e doutro tipo, de servizos sociosanitarios, pero a maioría dos convenios que veñen aquí son obxectivos, ou son propostas, ou programas, que poden ser subvencionadas a través dos recursos das subvencións ordinarias da propia Deputación. Polo tanto, non me diga vostede que aquí o que se lle está é facendo favores aos clubs, aquí o que se lle está dando subvencións a uns clubs, non a todos os clubs, todos os clubs teñen, seguramente, as mesmas dificultades, e seguramente moitos dos que máis dificultades teñen non reciben convenio, ou non reciben subvención, e outros que ao mellor non teñen tantas si o reciben. Nós o que estamos é unicamente pedindo que, por favor, se habiliten

fondos nas partidas ordinarias e que todos os clubs, pero tamén todos os concellos teñan dereito a participar en libre concorrencia competitiva no reparto deses fondos.

E por ir xa ao tema dos concellos, vostede falaba de que a maioría dos fondos van destinados a tres concellos independentes, home, eu aínda recordo o bochorno que pasamos aquí todos os señores e señoras deputadas sobre unha algarada que houbo aquí neste propio Pleno da Deputación, a ver se agora o que vale é vir protestar aquí e armar unha algarada para recibir cuantiosos fondos, porque recórdolle que eses concellos que vostede di que son independentes e que levan cuantiosas subvencións neste Expediente, son os concellos que dicían que aquí houbera trapicheo cos convenios e non sei que cousas. Polo tanto, evidentemente, eu creo que para evitar todas esas dúbidas o normal sería, ou ben facer plans, como di o Sr. Moreda, que é o que vimos reclamando nós, ou ben, xa que estamos no trámite de subvencións ordinarias, habilitar os fondos e suplementar esas partidas.

Sr. Presidente

Permítame que lle conteste eu, aquí non vale vir protestar, vale presentar proxectos, que é o que lle dixemos dende o minuto cero ao alcalde ao que vostede se refería, se non presenta ningunha solicitude, non se pode axudar, no momento en que presentou a única solicitude, axudóuselle igual que se axuda a todos os concellos, que lle quede claro por se acaso non sabía cal era o proceder.

Di vostede que está en contra das nominativas, e que non quere votar o Expediente, e ao mesmo tempo pídemme unha audiencia para o alcalde de Santiso, do Bloque, porque quere traer unha nominativa para arranxar o seu pavillón, vale, aquí a congruencia cada un ten a súa, agardemos que cando veña a subvención nominativa do Concello do Bloque de Santiso, manteña vostede o mesmo criterio que trae hoxe aquí. Mire, estou seguro que no Concello de Carballo, onde vostede é concelleiro, tamén fan o mesmo. Unha cousa é o orzamento que se somete a aprobación, o orzamento preventivo, e nese orzamento hai que facer coincidir as partidas. Neste ano xa lle adianto que intentaremos que as partidas dedicadas ás convocatorias ordinarias a entidades e concellos, sexa maior, porque grazas á boa xestión deste Goberno imos poder ter un orzamento incrementalista o ano que vén. O resto de convenios fanse con remanentes de Tesourería que no momento inicial non podemos dispoñer, polo tanto, cando as convocatorias xa están lanzadas e xa están resoltas, non se poden incrementar as partidas porque se dá vostede conta seguro de que iso sería imposible.

E os clubs deportivos que reciben subvencións nominativas son en todas as categorías os clubs que teñen máxima representación, e van todos, é dicir, en baloncesto ou en hóckey se hai dous clubs que están na mesma categoría os dous reciben un convenio independente da convocatoria, porque comprenderá vostede que un club que estea disputando a Copa de Europa, como temos en hóckey a patíns dous clubs na provincia a día de hoxe, non teñen os mesmos gastos que pode ter outro club do mesmo deporte en categorías inferiores. Polo tanto, todos eses van á parte, e con isto, que conseguimos? Que os fondos dedicados na convocatoria ordinaria poidan ser maiores, porque se metésemos aí os clubs con esas cantidades o orzamento dispoñible para o resto de entidades deportivas ía reducirse notablemente, polo tanto, iso van á parte porque se fan na medida en que temos

dispoñibilidade de remanentes de crédito. Seguro que despois desta explicación entenderá porqué se fai así.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e o PSOE e en contra do BNG, acorda:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 6/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe 3.458.760,65 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	1.199.819,86
SC. Suplemento créditos:	2.258.940,79
Total de aumentos:	3.458.760,65

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	3.458.760,65
Total financiamento:	3.458.760,65

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	60.000,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	699.801,82	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	1.249.968,01	0,00
7. Transferencias de capital	1.448.990,82	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.458.760,65	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	3.458.760,65
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.458.760,65

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos dispostos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos dispostos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos dispostos na normativa vixente.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Non se tiña presentada ningunha moción e presentaron outra de urxencia o Bloque Nacionalista Galego, primeiro votamos a urxencia e despois debatemos a moción.

Sr. Requeira Varela

A responsabilidade pola que debe de rexerse todo cargo público é actuar conforme á legalidade, á ética pública e ao principio de confianza, máis principalmente conforme ao principio de obxectividade, isto é, ten que utilizar o seu cargo para cumprir as funcións de servizo público e non para intereses puramente particulares ou partidistas. O BNG, a través de diferentes medios de comunicación e das información recollidas no propio sumario da operación...

Sr. Presidente

Perdoe, pero estamos na urxencia, despois imos debater a moción, pero estamos na urxencia, para entendernos.

Sr. Requeira Varela

Eu creo que xa que está agora mesmo tramitando o Partido Popular unha Lei que se chama Lei de transparencia, e que o que se pretende é corrixir todos os casos que se están dando ultimamente de corruptelas a nivel de diferentes administracións, dado que hai unha clara indignación da sociedade cos políticos, coa política, e tamén coas administracións gobernadas por eses políticos, cremos que o normal, é cando unha administración aparece implicada nos sumarios que están nos diferentes xulgados revisándose, o normal é poñer luces e taquígrafos e clarificar no posible e no que se poida, as implicacións desa administración, sobre todo para salvagardar a maioría das persoas políticas e funcionarias que compoñen esa propia administración. Nós con esta moción parécenos que é urxente que a propia Deputación da Coruña saia ao paso das implicacións que se dan relacionadas con ela no proceso da Operación Zeta que se está instruindo no Xulgado número seis da Coruña. Cremos que é unha maneira de evitar dúbidas e, sobre todo, de salvagardar o rigor e a profesionalidade da maioría dos funcionarias e as funcionarias que prestan os seus servizos nesta administración pública.

Polo tanto, cremos que é o momento, que é urxente clarificar cuestións, e por iso presentamos a moción.

Vótase a urxencia que é aprobada por unanimidade.

Sr. Requeira Varela

Dicía que a responsabilidade pola que debe rexerse todo cargo público, actuar conforme á legalidade, a ética e ao principio de confianza, e máis principalmente conforme ao principio de obxectividade, isto é, que ten que utilizar o seu cargo para

cumprir as funcións de servizo público e non para intereses puramente particulares ou partidistas.

O BNG, a través de diferentes medios de comunicación, e das informacións recollidas no propio sumario da operación Zeta, que investiga o Xulgado de Instrución número 6 da Coruña, vén de coñecer unha presunta trama de cursos fantasma que alude a supostos pagos a cargo do Partido Popular desta trama acusada defraudar presuntamente vinte millóns de euros procedentes de subvencións, que estaban destinadas a cursos de formación, uns feitos que consideramos gravísimos e que salpica directamente á Deputación provincial e que consideramos que deberían e deben ser aclarados de forma urgente.

Xa no seu día, en agosto de 2010, o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na Cámara galega, por medio do seu portavoz, denunciou un presunto trato de favor da administración gobernada polo Partido Popular coas empresas do señor Gerardo Crespo, as recentes investigacións veñen de confirmar aquela denuncia.

A información que se desprende do sumario Zeta fai referencia á presunta implicación do Sr. Álvarez Freijido, ex -xefe territorial da Consellería de Traballo e de Benestar, colocado polo goberno provincial do Partido Popular como director de área de Servizos Provinciais, sendo esta unha das prazas creadas na RPT 2013 polo goberno do Partido Popular na Deputación para poñer ao fronte dos servizos provinciais existentes a persoas de perfil político, ou político-técnico, afíns ao Partido Popular, e que xa no seu día denunciámos neste mesmo salón de Plenos o BNG.

Queremos recordar aquí que o BNG considerou e considera innecesario para un bo funcionamento dos servizos da Deputación a existencia desta direccións de área, e cre, ademais, que sería preciso corrixir esta política procedendo xa de inmediato a amortizar esta praza que a día de hoxe está vacante ao dimitir dela o Sr. Álvarez Freijido.

Por outra parte, a información do sumario Zeta tamén fai referencia a outro funcionario desta institución, ao tempo que fai alusións a conversas de altos cargos do Partido Popular e o Sr. Crespo para beneficiarse a súa empresa de contratos coa Deputación, concretamente refírese ao programa europeo Rede Xiana. Os correos electrónicos entre o señor Romay Beccaría e o Sr. Crespo son ben elocuentes.

O BNG non pon en dúbida o traballo rigoroso e profesional que desenvolven os funcionarios desta institución e, en particular, os funcionarios adscritos aos servizos tramitadores e fiscalizadores de subvencións e contratos da Deputación, posto que o BNG ten a seguridade de que seguen ao pé da letra, dun xeito rigoroso, o procedemento establecido nas diferentes normativas legais, así como nas propias bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, para a tramitación de expedientes administrativos, actuando de forma dilixente ante calquera sospeita de irregularidade dalgún dos expedientes tramitados e impondo, previo control financeiro, as sancións e as multas reguladas pola lei. Mais tamén é verdade que a pesar de todos os procedementos de fiscalización establecidos, cando se crean tramas para a captación de fondos públicos valéndose do poder de cargos políticos, mesmo coa complicidade dalgún funcionario, como parece que sucede neste caso, é moi probable que estes controis non sexan suficientes para descubrir a fraude de

certas asociacións e empresas, polo que o BNG cre igualmente necesario que de xeito inmediato se leve a cabo unha auditoría da Intervención provincial.

Por todo isto, o Grupo do BNG na Deputación da Coruña solicita ao Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte acordo:

Primeiro, poñer en marcha unha auditoría desde a propia Intervención provincial para fiscalizar as contas xustificativas de todas as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña ás asociacións que figuran no sumario da Operación Zeta, os contratos adxudicados a aquelas empresas que figura no sumario Zeta; segundo, amortizar a praza de director de área de Servizos Provinciais e terceiro, abrir un expediente informativo aos funcionarios presuntamente implicados na operación Zeta e, en tanto non se esclareza a actuación destes funcionarios, acórdase igualmente apartalos de calquera responsabilidade que teña que ver coa tramitación de subvencións, elaboración de pregos, valoración técnica ou adxudicación de contratos.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Nosoutros non dubidamos da eficacia e rigorosidade dos controis administrativos e de fiscalización que existen na Deputación, pero non nos imos opoñer a esta moción. Entendemos que se un Grupo ou unha persoa pide que se leven ao máximo as medidas de transparencia e fiscalización, que non se pode negar. Polo tanto, imos votar, con algunhas precisións, esta moción.

Pediríamos ao Grupo propoñente que no apartado primeiro se engadise un parágrafo c), que é: "Dar conta ao Pleno da Deputación do contido e resultado destas auditorías", para que o Pleno da Deputación poida tomar as medidas que sexan necesarias se hai algún comportamento, algunha conduta, presuntamente delituosa ou irregular. Polo tanto, pediríalle ao Sr. Regueira que aceptase un punto c) que dixese "Dar conta ao Pleno da Deputación do contido destas auditorías".

E pediríamos que suprimise o punto número tres por varias razóns, primeiro porque dubidamos da legalidade dun procedemento administrativo que se inicia cando hai un procedemento penal aberto, creo que non é razoable, creo que non é posible legalmente, pero á parte, as persoas implicadas neste sumario aparecen implicadas por actuacións desenvolvidas noutra administración que non é a Deputación, polo tanto, non hai nada que investigar aquí, terá que investigar a Xunta de Galicia, pero non a Deputación Provincial da Coruña. E creo que este punto é un punto que pode dar lugar a el se se deriva desas auditorías e desa fiscalización, que se se aproba esta moción se fará, se se derivan condutas irregulares ou presuntamente delituosas, indubidablemente hai que poñelas en coñecemento da fiscalía ou da xuíz instrutora neste caso, pero creo que este terceiro punto non achega nada á moción, sementa dúbidas de legalidade, e logo, polo que eu coñezo do sumario, que é o que lin na prensa e non coñezo máis, hai un funcionario relacionado con isto, non sei se está imputado ou non, o Sr. Álvarez Freijido, non está imputado, está relacionado con isto, por actuacións que fixo na Xunta de Galicia, e hai outro funcionario que se cita, que é un liberado sindical, que non ten tampouco ningunha función sobre tema de tramitación de subvencións nin redacción de pregos de condicións de contratos, nin nada.

Polo tanto, pediríalle que retirase o punto número tres. Pero tamén quero deixar constancia de que se o Grupo propoñente non admite a retirada do punto número tres, nosoutros votariamos a favor da moción pero con estas salvidades que quedan explicadas perfectamente neste Pleno.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente. Eu creo que todos os grupos que estamos aquí representados estamos tan indignados como calquera outro membro da sociedade co que está ocorrendo, e creo que precisamente a clase política non só debe dar exemplo, senón que tamén creo que debe de contribuír a poñer no seu xusto punto o que está a ocorrer. A avaricia e outra serie de defectos humanos non se exclúe de ningunha das profesións ou actividades da vida, e na política todo o mundo sabe, e todo o mundo está comprobando que hai sen vergonzas, o que hai é que actuar firmemente contra eles. Pero eu creo que os partidos tamén temos responsabilidade e a responsabilidade é non seguir coa marea negra máis alá do imprescindible. Nestes momentos intentar, dalgunha forma, a través deste tipo de mocións, aparentar diante da sociedade que a Deputación Provincial da Coruña ten algo que ver con estes feitos, eu creo que é unha irresponsabilidade, é unha grave irresponsabilidade non saber circunscribir, nin máis nin menos, o ámbito de actuación de quen non estivo cumprindo coa lei a aquelas administracións e aqueles feitos que son os que motivan a súa investigación, e só presentando esta moción na Deputación eu creo que se eleva unha sombra sobre as actuacións que poida levar a cabo a actuación de funcionarios e políticos nos últimos anos nesta Deputación provincial. Por iso nós coincidimos nas valoracións que se fan de todos os técnicos provinciais nesta moción, porque a compartimos e ademais teñen unha ben gañada fama diante de asociacións e concellos, do que é o seu labor fiscalizador e de que, como moitas veces escoitamos nestes días que se están facendo charlas en todos os concellos polas ordes de subvencións, o difícil que é moitas veces xustificar polas esixencias precisamente legais e o bo facer dos funcionarios desta casa. Polo tanto, tamén nos parece ben ese punto primeiro de investigar as relacións que se puideran ter con estas empresas que están investigadas noutro ámbito e noutras administracións por eses mesmos técnicos municipais, porque confiamos neles e cremos tamén que é importante dar conta a este Pleno do que van ser eses expedientes.

Pero dito iso, eu creo que temos á vez que facer un pouco de balance e dar xa tamén algún pequeno dato ou esbozo do que puido ser a relación, sempre entendemos correcta, destas empresas coa Deputación ao longo do tempo. Dicar que entre os anos 2003 e 2010 adxudicáronse a Gececri nesta casa por cursos de formación trece contratos, que tamén se concederon oito subvencións entre o ano 2003-2007 do que é FEAGA, e que se lle deron dúas subvencións a ACAI. No que respecta a todos os que aquí estamos conformando a Corporación provincial que dende o ano 2011 rexe os destinos provinciais, dicir que se adxudicou neste ano 2011 un contrato a Gececri, que foi un contrato aberto, con múltiples criterios de adxudicación, que foi auditado pola Intervención Xeral do Estado e que tivo unha baixa próxima ao 60% segundo os meus datos, e que estaba enmarcado dentro do proxecto Rede Xiana. Tamén FEAGA recibiu dúas subvencións, ou se lle aprobaron dúas subvencións no ano 2012 e no ano 2013, pero como antes dicía que aquí funcionan, e así está ben demostrado calquera mecanismo de control que aplican os nosos técnicos e funcionarios, non cobraron ningunha destas dúas subvencións porque non foron quen de xustificalas.

En canto ao punto segundo e terceiro, eu creo que foi clarísimo case a exposición do Sr. Moreda. O punto segundo, evidentemente, aquí o que se trata é unha cuestión política de ámbito organizativo da Deputación, que foi tratada no seu momento, que foi acordada co apoio unánime da representación sindical, que supuxo un aforro e que independentemente das persoas que nun momento ou outro poidan ocupar esas áreas, é evidente que está dando bo resultado para esta Deputación, e un bo aforro, dividir o que era a organización tradicional nesas sete áreas. Dito iso, eu creo que a partir de aí, con respecto a este funcionario que citan, eu creo que, non sei, ou si o sei, ou polo menos podo dicir e non sei se é asañoamento ou que é o que vostedes pretenden. E por que o digo?, en primeiro lugar é evidente que cando hai un proceso xudicial aberto débese paralizar calquera outro proceso administrativo en marcha, se ese proceso administrativo que ten que abrir a Deputación ademais tería que ver con feitos que non teñen nada que ver coa actuación destes funcionarios na Deputación, xa me dirán vostedes en que argumento legal nós nos podemos basear para facer estas cuestións.

Tamén o dicía o Sr. Moreda, nestes momentos son unhas persoas que figuran nun relatorio de feitos ou investigacións dun sumario, que nin tan sequera están, ata o que coñece este deputado nestes momentos, imputados por eles, polo tanto, outro agravio máis. Pero a min o que me doe é que se poida tamén estar implicando razóns políticas ou perfís políticos afíns a un partido concreto, neste caso o meu, podería ser calquera outro, porque podería ser ao Bloque, e por que digo que podería ser ao Bloque? Porque este señor entra polo procedemento legalmente establecido na Deputación, que é un procedemento de libre designación, que é un procedemento que se utilizan en moitas administracións, que utilizan todos os partidos políticos, e que ata é quen de utilizalo o Bloque, é quen de utilizalo o Bloque cando goberna, as poucas veces que goberna, e a única vez que gobernou na Xunta de Galicia, porque este señor cando gobernou na Xunta de Galicia polo procedemento de libre designación foi secretario xeral dunha delegación. Hoxe en día hai unha reforma organizativa que significa que era o segundo dunha organización na que había despois delegados por cada unha das áreas, etc., etc., é dicir, o que hoxe en día sería un xefe territorial, e estaba na Consellería de Benestar porque saben que o goberno bipartito que se facían oposición pola tarde o que era goberno pola mañá, se chega a ser do PSOE o Bloque diría que non tiña nada que ver con aquel goberno, pero neste caso ata si, porque era da Consellería da Benestar, era a Consellería do Vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana, segundo dicía toda a publicidade que se facía naquel momento e, polo tanto, aquela delegada, naquel caso era tamén unha coñecida por quen lle fala, porque fora deputada, este señor era secretario xeral nomeado por designación, como digo, non sei se entón eran motivos políticos ou motivos políticos agora, pero eu creo que debemos, de verdade, medir moito as nosas palabras nun tema que creo que preocupa á sociedade e preocupa a todos os que aquí estamos. Eu non dubido de que todos os que aquí estamos por unha vocación de servizo que, polo tanto, somos totalmente doentes do que vemos que está a ocorrer e que somos os primeiros que temos que reclamar que quen a faga, que a pague, e para iso está a administración de xustiza e para iso está o endurecemento das leis que se teñen que ser, que se faga, e volvo dicir, para min é unha irresponsabilidade total que unha administración que non ten nada que ver con estes feitos se lle poida botar a máis mínima sospeita do que ten acontecido con estas empresas, pero para que así sexa, e para maior claridade e para que vexan os cidadáns que nesta Deputación non hai nada que tapar, nós estamos absolutamente

de acordo con ese primeiro punto, polas razóns que expuxemos, e que ademais se engada, como tamén iamos solicitar, que se dea conta a este Pleno do que sexa ese expediente investigador dos servizos de fiscalización desta casa, e ao punto segundo e ao punto terceiro, polas razóns que teño exposto, eu pediría que o retire, pero se non, en todo caso, imos votar en contra dos mesmos. Máis nada, moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Requeira Varela

Seguramente se esa política de reunión cos portavoces destas Corporación para que, polo menos, saibamos que dende aquí se está facendo un seguimento da cuestión, xa nos tranquilizaría bastante, pero acabamos de coñecer os datos que nos acaba de adiantar.

O Sr. Ruiz Rivas tamén dixo que estaba totalmente de acordo coa valoración que se fai aquí dos técnicos e os funcionarios da Deputación provincial, por esa razón, porque teñen tan boa apreciación no plano profesional, nós dicíamos que era totalmente innecesario traer persoal de libre designación para ocupar xefaturas de área, porque temos técnicos altamente cualificados e técnicas altamente cualificadas. Polo tanto, por iso mesmo considerábamos innecesario traer perfís político-técnicos para esta casa.

Aquí falouse de temas do Bloque, non sei que Secretaría Xeral, eu non recordo o Sr. Álvarez Freijido en ningunha Secretaría Xeral de ningunha Consellería do bipartito, non sei se o Sr. Moreda si, ese señor sería funcionario e, polo tanto, ocuparía un posto de funcionario nunha Consellería, eu non recordo que fora secretario xeral de ningún sitio, pero ben, aquí non estamos falando do bipartito, aquí estamos falando da operación Zeta.

Di vostede que é unha irresponsabilidade traer isto a un Pleno, a min o que me doe é que case todos estes asuntos de corrupción se substancien con algo que puxo de moda o que foi Rei do Estado español, con aquilo de “perdón, lo siento, me he equivocado, no volverá a ocurrir”, parece que todo se substancia e se soluciona dese xeito, non, a xente o que está pedindo é transparencia, datos, e poder xulgar libremente, aquí non estamos xulgando nin ao goberno provincial, nin á Deputación da Coruña, nin aos funcionarios da Deputación da Coruña, aquí estamos dicindo que hai un sumario e unha investigación aberta e a Deputación da Coruña aparece nese sumario varias veces, e di vostede que podería aparecer o Bloque, pero non aparece o Bloque, aparece o Partido Popular, e non vou agora a perder moito tempo en repasar os papeis que veñen no sumario, que teño aquí varios, correos electrónicos, pero é que xustamente os correos electrónicos veñen da Tesourería Nacional@PP.es, e de cargos políticos do PP, por iso falamos do Partido Popular, non falamos do Bloque nin do PSOE, porque no sumario aparecen correos falando da Deputación da Coruña entre altos cargos do Partido Popular a nivel organizativo do propio partido e altos cargos do Partido Popular a nivel de responsabilidades de goberno, que non imos nomealos aquí, por discreción. Nós unicamente, agradézolle o voto positivo ao primeiro punto, pedimos iso, nós non temos ningún problema en que se engada ao primeiro punto un apartado c), para dar conta ao Pleno do resultado das auditorías, que nós, aínda que non o puxéramos así, entendíamos que así debería de ser, se se abre unha auditoría supoño que o Pleno terá que ser coñecedor dos resultados desas auditorías, polo tanto, ningún problema en poñer ese apartado c).

O segundo punto ímolo manter porque cremos que se esa praza agora mesmo está libre, creo que é un momento para amortizar a praza, polo razoamento que fixo o Sr. Ruiz Rivas, porque aquí hai funcionarios e funcionarias con alta cualificación para desenvolver ese papel, non fai falta traer perfís político-técnicos. Polo tanto, nós imos manter ese segundo punto porque así tamén o mantivemos no seu momento neste propio Pleno.

E terceiro, eu non vexo cal é o problema de que cando unha persoa está presuntamente implicada nun tema de concesión de subvencións, a través dunha trama, non vexo cal é o problema, non se trata de criminalizar a ninguén, senón incluso de protexer a esas propias persoas, que se lles aparte por prevención, transitoriamente, de funcións ou de responsabilidades que teñan que ver coa concesión de subvencións ou a elaboración de pregos administrativos, eu creo que incluso é bo para esas persoas, simplemente iso.

Polo tanto, nós imos manter os tres puntos, engadindo ese apartado c) ao primeiro punto, eu agradézolle ao Partido Popular e ao PSOE a votación dos puntos que consideren necesarios, e agradézolle tamén ao Partido Popular que dea o paso para que, polo menos, haxa máis transparencia na tramitación de todo este tema e que as persoas que sentamos nestas bancadas, polo menos, teñamos os datos suficientes para salvagardar a honorabilidade, tanto da parte política como da parte técnica desta administración pública.

Sr. Presidente

En primeiro lugar, entendo que se pode votar por puntos e acepta o engadido que facía o portavoz do Grupo Socialista de que se dea conta ao Pleno desta Deputación.

Antes de pasar á votación só puntualizar dúas cousas, aquí transparencia toda, e se non é toda é total, e toda e total e a que queira vostede. Os datos dos contratos, quérolle lembrar que na Mesa de Contratación desta institución hai dous representantes da oposición, un de cada Grupo, polo tanto, todos os contratos que se asinaron aquí teñen información puntual e instantánea por parte de todos os Grupos, incluído o Bloque Nacionalista Galego, que están na Mesa de Contratación, sen voto pero con voz. Polo tanto, toda esa información xa a teñen os grupos instantaneamente dende o principio da lexislatura, igual que en lexislaturas anteriores. Os convenios veñen aquí a Pleno, son informados previamente nas comisións, onde hai membros da oposición, e poden facer as preguntas que consideren convenientes e despois poden votar o que consideren conveniente. Todos estes procedementos, igual que as subvencións pasan polo trámite da fiscalización desta Deputación provincial, igual que pasaron sempre, e por iso, como queremos dar a maior transparencia total para que non albergue ninguén, incluídos vostedes, ningún tipo de dúbida, por iso votámoslle a favor deste punto, falaría máis, e pedímoslle á Intervención que faga ese informe especial, que o traia ao Pleno e poidamos todos sacar calquera tipo de dúbida que nalgún momento alguén puidese ter.

De todos os xeitos, vostede se necesita información, ou se necesita contrastar algo sabe que, en primeiro lugar, os técnicos da Deputación o atenderán sempre, igual que fixeron durante toda a súa historia, polo tanto, ante calquera dúbida pode

acudir a eles que lle darán a información total e absoluta, e o presidente da Deputación, cando quixo falar comigo, tamén. Pero eu agradézolle que con isto se saque vostede todo tipo de dúbidas.

E outra cousa, cando fala vostede de funcionarios de carácter afín, iso non é verdade, e é o que lle explicou o Sr. Ruiz, probablemente non o entendeu porque nin sequera fixeron os deberes. O señor ao que se refería, e que vostede non coñece, foi secretario provincial da Consellería do Sr. Quintana con Tareixa Novo como delegada provincial, ese posto sería un funcionario, evidentemente, un funcionario máis, igual que aquí, e como foi a provisión dese posto na Xunta de Galicia? Por libre designación, é dicir, a responsable da Delegación, a Sra. Tareixa Novo, do Bloque Nacionalista Galego, e compañeira no Parlamento, nomeou por libre designación a un funcionario para ser o seu segundo na Delegación de Traballo e Benestar, iso probablemente vostedes non o entenden cando nos lles interesa, pois é o sistema que se emprega aquí, a un funcionario por libre designación, un funcionario que ten aprobada unha oposición, por libre designación se lle designa para facer unha serie de traballos, exactamente o mesmo, polo tanto, eses comentarios que vostedes inclúe nesta moción, ou eses comentarios que vostede hoxe reproduciu aquí, e o feito de que traia esta moción denotan cal é o interese último de todo isto e do seu partido, pero non hai problema, porque aquí todos non somos iguais afortunadamente.

Polo tanto, ímoslle votar a favor, imos dar transparencia, claridade, para que o saiba e poida vostede descansar tranquilo confiando na Deputación da Coruña.

Non, xa non hai máis, xa rematou e o presidente dirixe o debate, o presidente da Deputación dirixe o debate, afortunadamente, se non íamos apañados.

Vótase o primeiro punto da moción, que é aprobado por unanimidade.

Vótase o segundo punto da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Vótase o terceiro punto da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 (BNG)

Votan en contra: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RESPECTO Á OPERACIÓN ZETA

ACORDO

Primeiro.- Poñer en marcha unha auditoría desde a propia Intervención provincial para fiscalizar:

- a) as contas xustificativas de todas as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña ás asociacións que figuran no sumario da operación Zeta.
- b) os contratos adxudicados a aquelas empresas que figuran no sumario da operación Zeta.
- c) Dar conta ao Pleno da Deputación do contido desas auditorías.”

Sr. Fernández Moreda

Gustárame explicar o voto en contra, non é porque nos neguemos a que se investigue e que se abran expedientes, é porque entendemos que neste momento non hai ningún expediente que abrir, porque estamos coñecendo feitos que non se desenvolveron na Deputación, que se desenvolveron noutra administración. Entendemos que se do resultado das auditorías se deducen condutas irregulares é cando teríamos, non só que abrir unha investigación, senón poñer os feitos en coñecemento do xuíz instrutor e do fiscal, pero nestes momentos, digo, para que non quede ningún ánimo de dúbida cal é a razón do noso voto negativo, porque entraría en contradición co que di a lei porque hai unhas dilixencias penais abertas.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Requeira Varela

Antes non quixen facer mención a este documento, pero xa que a última intervención do Sr. Presidente pechou o debate quero facer unha pregunta, porque aquí ao final parece que se estaba falando dunha libre designación do Bloque Nacionalista Galego nunha Delegación provincial no seu momento, e estamos falando dunha trama de corrupción actual e que non ten nada que ver co BNG.

Eu queríalle preguntar se sabe ou se me pode explicar, ou se pode explicalo noutro Pleno, a correlación de correos que se recollen aquí, á que eu antes aludía e que non quixen mencionar onde se fala, fala o Sr. Gerardo Crespo co Sr. Romay Beccaría, onde lle pregunta polos cursos da rede Xiana, e da contratación da asistencia técnica para unha serie de proxectos, un segundo correo onde lle di que xa se lle trasladou esa cuestión ao Sr. Presidente da Deputación, Diego Calvo, onde di José Manuel Romay Beccaría@PP.es onde despois se volve preguntar o programa de formación, emprego e orientación, a ver como está o tema. Despois o Sr. Romay di que o programa xa está en cerre pero que se ten algunha suxestión o Sr. Gerardo Crespo que lla mande inmediatamente, posteriormente outro novo correo onde di que o presidente da Deputación reuniuse con el e estivo cariñosísimo, e un último correo

onde se di que lle foron concedidos tres talleres, un de 80.000 euros, outro de 55.000 euros e outro de 55.000 euros, da Rede Xiana. Eu non quería aludir a estes correos, porque son correos que figuran no sumario e cítanse nomes, pero que xa que aquí se deriva a todo a unha cuestión do ámbito de partidos políticos dunha Delegación provincial do ano, xa non recordo nin o ano do bipartito, home, aquí non se está falando do BNG, e non se está falando dun funcionario, estase falando doutras moitas cousas e nós creo que non somos irresponsables, senón todo o contrario, e gustaríame que rectificaran, porque nós aquí non acusamos a ninguén simplemente por pedir que a Deputación actúe, investigue e nos comente aos portavoces, eu durmo tranquilo, pero a sociedade ten que tamén durmir tranquila, e eu, se coñecen estes correos, senón podémoslle pasar copia a través do gabinete, pois ben, explíquen nos vostedes o que queren dicir estes correos, que son unha serie de correos que acaban na concesión de tres subvencións, ao mellor facendo esta pregunta entendemos mellor a formulación da moción.

(Abandona o salón o Sr. Cavelo Martínez).

Sr. Blanco Riveiro

Bos días, Sr. presidente e deputados. É referente a unha obra da Deputación que xa é anterior a este goberno, que xa é de hai uns dez, doce anos, do Concello de Mazaricos, que vén sendo un embarcadoiro de piragüismo, que aínda non foi recepcionada polo concello e que está totalmente nun estado de deterioro e mal uso. Entón é para ver se había posibilidades que dende a Deputación os técnicos foran a visualizala e se revisara o expediente para ver se se poden poñer en contacto co concello para buscar algún tipo de solución ao tema.

Sr. presidente

Nesa comentaranlle os técnicos, poranse en contacto con vostede para que saiba.

Con respecto á pregunta do Sr. Regueira, pregúntelle a quen enviou os correos, aos autores dos correos, e probablemente así terá algunha resposta. Eu, dende logo, non vou entrar con vostede neste tipo de discusións.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.